



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/8
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, VENRES 9 DE AGOSTO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 13:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación acta sesión anterior celebrada o día 18 de xullo de 2024.

D Javier Sar manifesta que na acta anterior ten que haber un erro pois no punto relativo ao REC o seu grupo abstívose e non votou a favor como consta nela.

Dna Merce Barrientos manifesta que no relativo ás facturas da imprenta sobre as muxianas ela dixo que segundo as facturas de 2023 que pediu había unha discrepancia coa proposta de alcaldía, e non segundo o estudo económico como di a acta.

Pide que conste en acta as alusións que o Alcalde fixo á voceira do PP, de que “veña pero veña en condicións” e ao voceiro do IxM sobre reunión “en privado”.

A acta queda aprobada por unanimidade coa constancia destas peticións.

A secretaria manifesta que consultará as notas do pleno anterior ao respecto.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.-Modificación de crédito por suplemento de crédito 5/2024

A secretaria explica que todos os grupos teñen copia da Proposta de Alcaldía neste punto, ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Inicia o debate Dna Sandra Vilela: “ Presentamos unha emenda á proposta . Tráese pola Alcaldía nesta modificación temas de persoal e gratificacións para a policía. Na emenda propoñemos aprobar soamente os da Policía, e sobre o resto volvo a dicirle que faga os orzamentos.

Sobre os traballos técnicos xa lle dixemos que queremos saber cales son e sobre o material eléctrico máis do mesmo. A documentación chegounos hoxe e non tiveron tempo de vela, non son as formas, vostede convoca comisións e sempre nos falta documentación. Vostede non quere que aprobemos nada porque se non daría as explicacións pertinentes para que os outros grupos analizasen as cousas e as aprobaran.”

O Sr alcalde manifesta: “O da policía deulle tempo a velo?. Ve o que lle interesa e o que non, non.”

Continúa Dna Sandra Vilela: “ Xa tiñamos esa información e imos aprobar soamente esa parte. Páganse varios servizos dende 2022, de reforzos da policía local e aprobámolo por dignidade aos policías locais que veñen a traballar aquí. Queremos agradecerlle a nosa policía local e á dos outros concellos que a pesares de levar máis de dous anos sen cobrar segan a disposición e nunca deixasen de facer a súa labor.”

Intervén a continuación D Javier Sar: “ Non sei porque estivo o da policía local tanto tempo sen pagar. Se trouxera esta proposta a principio da lexislatura xa estaría aprobada. Pregúntome se non trouxera este punto a un pleno extraordinario se habería policía na Barca deste ano? . Se non fora por este punto non habería Pleno Extraordinario?”

O sr Alcalde manifesta: “ Son eu quen fago a Orde do Día dos Plenos. Tampouco tivo tempo de mirar o da electricidade? . Son tres números os que hai que analizar.”

Continúa D Javier Sar: “ “Teño traballo , vin o e-mail e era unha factura. Isto xa ía no pleno anterior sen factura , nin na comisión, e nola manda hoxe. O contrato é de maio de 2021 con prórroga dun ano. Porque non fixo novo contrato?, non terá xa validez?. No contrato menciónase o Concello de Moeche e o de Mugarodos. Parece que non se lese e haberá un concelleiro que o debería de facer.

En canto ós 37000€ do pleno anterior, pedínlle que os especificase e non recibimos nada. O informe de intervención é bastante demoledor, xa lle dixen que a final de ano, se seguía así non teríamos diñeiro e agora é a intervención quen o di. Cal é o motivo de non aprobar o orzamento?, que con eles non podería gastar o remanente e sabe que para 2025 vaise a aprobar a regra de gasto e imos ter un problema gordo porque non teremos diñeiro para os gastos que temos tal e como di a intervención.”

Seguidamente intervén Dna Merce Barrientos: “ Leo a acta: “a vindeira vez faremos unha relación de cada obra cun orzamento concreto e xa está”. Non debeu ter tempo para facelo.”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde intervén: “Téño aquí e mandeillo. É unha pesada dende o meu punto de vista.”

Continúa Dna Merce Barrientos: “ A min no me chegou nada. Debe de ser un documento moi complicado de mirar porque xa o trouxo ao pleno anterior fai un mes e nese tempo non tivo a capacidade para remitírnolo.”

O Sr. Alcalde resposta: “ Como non imos estar de acordo cunha emenda que quita cousas para Muxía, por exemplo cadros de luz para Cartel , Proxectos, DO, etc, chamarei á oposición para que o faga.

Sometida a emenda a votación, queda aprobada polos votos a favor do grupo municipal PP (3), IxM (2) e Mixto (1), absténdose o resto dos integrantes do Pleno. O pleno polo tanto acorda:

1- Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado. As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes

CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Gratificacións policías	132/151.00	24.375€
TOTAL		24.375€

Medios de financiamento do gasto.-

- Proponse que o financiamento se realice con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de **24.375€**.

O importe total da modificación proposta ascende a **24.375€**

2- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A secretaria manifesta que teñan en conta que o que están a aprobar é a creación e consignación orzamentaria para ese gasto non o pago , pois será preciso a aprobación dun futuro REC para elo.

3.-Proposta dedicación exclusiva concelleiros/as

A Secretaria advirte que dado que no punto anterior non se aprobou a creación e consignación orzamentaria para os soldos dos concelleiros/as non pode ser adoptado acordo ao respecto segundo proposta (ditaminada desfavorablemente).

O Sr Alcalde manifesta que o trae por dignidade. Dna Sandra Vilela contesta que para pedir dignidade hai



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

que dala.

Dna Merce Barrientos expón: “É a sexta vez que trae isto a pleno. Se o goberno non conta con nós como interlocutor non apoiaremos.”

Contesta o Sr Alcalde: “ Os vetos os puxo o BNG dende o primeiro momento dos resultados electorais.”

Sometido a proposta (ditaminada desfavorablemente) a votación, queda rexeitada polos votos en contra do grupo municipal PP (3), IxM (2) e mixto (1). Votan a favor os/as integrantes do grupo municipal PSOE (3).

4.-Adhesión central de contratación FEGAMP-Servizos Postais

Sen xerarse debate e por unanimidade, o Pleno acorda :

Ratificar o decreto de Alcaldía de data 22 de xullo de 2024, de adhesión á central de Contratación FEGAMP-Servizos Postais.

Ás 13:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, luns 12 de agosto de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña